

## **ROSA QUINTANA CARBALLO**

Naceu no ano 1959. É licenciada en Ciencias Biolóxicas na Universidade de Santiago de Compostela. Doutorada en Bioloxía coa tese “Contribución ao coñecemento do desenvolvemento gonadal do mexillón galego cultivado”.

- Ano 1987. Comeza a traballar como funcionaria na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura como inspectora pesqueira.
- Ano 1989. Ocupa o posto de xefa de sección de Inspección Pesqueira
- Ano 1992. Nomeada xefa do servizo de Marisqueo.
- Ano 1997. Ocupa o posto de delegada territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Vigo.
- Ano 2001. Nomeada directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Desde a súa licenciatura ata a actualidade participou como relatora en diversos cursos relacionados co mundo da pesca e publicou distintos traballos, tamén relacionados coa pesca, o marisqueo e a acuicultura.

No ano 2007, participou como experta da U.E. na celebración de seminarios sobre lexislación alimentaria na U.E. para produtos da pesca e a acuicultura en Chile.

Dende o ano 2009 ata o 2012 foi conselleira do Mar.

Dende xaneiro de 2012 ata outubro de 2015 asumiu as competencias da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Dende outubro de 2015 é conselleira do Mar.